



A XUNTA PON EN MARCHA O COMEDOR TERAPÉUTICO DO HOSPITAL DE DÍA PSIQUIÁTRICO INFANTO-XUVENIL

- *Conta cun máximo de 10 prazas para pacientes que estean incluídos nos programas terapéuticos do Hospital de Día, emprazado no Nicolás Peña*
- *Este hospital de día, que comezou a funcionar hai pouco máis dun ano, é un dispositivo asistencial intermedio que proporciona tratamento aos trastornos mentais graves que aparecen na infancia e adolescencia*
- *Un equipo multidisciplinar de profesionais atende preto dun cento de doentes anuais, entre 8 e 16 anos, desenvolvendo programas dirixidos a pacientes con trastorno mental grave, da conduta alimentaria ou que presenten risco autolesivo*
- *No marco da estratexia de Saúde Mental 2020-2024, a Área de Vigo experimentou un importante incremento dos recursos da saúde mental, creando novas Unidades con dotacións de persoal e ofertando novas prestacións asistenciais*

Vigo, 10 de xaneiro de 2023. A Área Sanitaria de Vigo puxo en funcionamento o Comedor Terapéutico do Hospital de Día Infanto-Xuvenil do servizo de Psiquiatría, emprazado no Nicolás Peña.

O novo comedor enmárcase no desenvolvemento das actividades terapéuticas que forman parte do tratamento integral de diferentes patoloxías graves de saúde mental de nenos e adolescentes, e que son atendidas neste hospital de día. Conta cun máximo de 10 prazas para estes pacientes.

Segundo explica o xefe de servizo de Saúde Mental da Área de Vigo, José M. Olivares “o comedor vai dirixido aos pacientes con Trastorno de Conduta Alimentaria, pero non é unha actividade exclusiva para ese grupo, dado que este dispositivo da cobertura a máis patoloxías. Pretende, para un perfil diverso de pacientes, unha abordaxe máis ampla, non unicamente nutricional, que inclúa outros obxectivos como a reestruturación de rutinas ou o traballo en habilidades sociais”.

A posta en marcha deste comedor terapéutico “supón un avance nas fases do Plan Funcional do Hospital de Día, operativo desde setembro do 2021 grazas ao Plan de Saúde post Covid-19 do SERGAS, que potenciou a creación deste tipo de dispositivos para complementar a intervención na preocupante escalada de demanda de atención en saúde mental da poboación infanto-xuvenil”, asegura o doutor Olivares.


Un cento de pacientes anuais

O Hospital de Día Infanto-Xuvenil do Nicolas Peña está emprazado na planta 1 do Pavillón 3, e conta cunhas instalacións que foron reformadas e acondicionadas para ofertar esta actividade, sobre todo para acoller as actividades grupais. Dispón de 5



consultas, sala de espera, sala de grupos, sala ocupacional e unha sala comedor/estudo, para os pacientes que realicen estancia en réxime de día.

Trátase dun dispositivo asistencial intermedio cuxa finalidade é proporcionar un tratamento para os trastornos mentais graves que aparecen na infancia e na adolescencia. Isto é, un novo recurso sanitario a medio camiño entre a hospitalización e as consultas externas, que ofrece unha abordaxe dos problemas desde unha perspectiva biopsicosocial e familiar.



Para ofertar esta atención conta cun equipo multidisciplinar de profesionais composto por 1 psiquiatra, 1 psicóloga Clínica, 1 enfermeiro especialista en Saúde Mental, 1 Técnico en Cuidados Auxiliares de Enfermería (TCAE), 1 Terapeuta Ocupacional e 1 Traballador Social. Este equipo atende preto dun cento de pacientes anuais, entre 8 e 16, a través do desenvolvemento de varios programas terapéuticos intensivos dirixidos a pacientes con Trastorno Mental Grave, con Trastorno da Conduta alimentaria e aqueles que presenten risco autolesivo e inestabilidade emocional grave.

Vantaxes desta intervención

Os problemas de Saúde mental teñen un peso significativo na morbilidade e mortalidade dos nenos e mozos de todo o mundo: así, por exemplo, o suicidio é a terceira causa de morte nos menores de idade, sendo a adolescencia un grupo de especial risco. Aproximadamente un 10-20% dos nenos e adolescentes padecen algún trastorno psíquico, sendo os máis frecuentes os trastornos de conduta, seguidos dos trastornos de ansiedade e o TDAH (déficit de atención e hiperactividade).



As intervencións terapéuticas en réxime de hospitalización psiquiátrica a tempo parcial teñen demostrado a súa eficacia no tratamento de múltiples trastornos en poboación infanto-xuvenil, evitando ingresos posteriores noutros dispositivos. Unha das principais vantaxes dos Hospitais de Día é que permite manter o contacto do menor co seu entorno familiar e social, o que favorece a súa reintegración e recuperación funcional.

Novas unidades e prestacións de saúde mental

No marco da estratexia de Saúde Mental 2020-2024 do Sergas, a Área Sanitaria de Vigo experimentou nos últimos meses un incremento moi significativo de recursos neste eido, creando novas Unidades con dotacións de persoal e ofertando novas prestacións asistenciais na carteira de servizos da saúde mental.

Entre esas novas Unidades cabe subliñar a de Prevención do Suicidio no centro de saúde de Taboada Leal; as ambulatorias de Saúde Mental de Tui e Ponteareas; e a ambulatoria Infanto-Xuvenil no Álvaro Cunqueiro. Ademais, proximamente tamén se vai abrir a nova Unidade de Hospitalización de menores no hospital Álvaro Cunqueiro, xa en fase de contratación das obras.